



Sábado, 2 10:00-11:15 h
Sala Santiago
Conferencia de ARANTXA MARISKAL:
"Juguemos a repensar las bibliotecas. UBIK, un ejemplo"

Que sentido teñen hoxe en día as bibliotecas? E nun futuro cercano? Questionar as nosas bibliotecas é un bo punto de partida para definir que queremos construír. Pensamos en bibliotecas dinámicas, para poder propoñer, disfrutar... encontrarnos!

Diplomada en Biblioteconomía, con Posgrao en Xestión de recursos culturais. Dirixiu o Xenpelar Dokumentazio Zentroa e na actualidade é responsable de UBIK, a Biblioteca de Creación de TABAKALERA (Centro Internacional de Cultura Contemporánea, San Sebastián).

PAUSA-CAFÉ 11:15 - 11:45

SESIÓNS SIMULTÁNEAS II

Sábado, 2 11:45-13:00 h

Sala Santiago
Conferencia de LLUIS PASTOR:
"Funiversity Revolution: competencias informacionais e mediáticas para aprender divertíndose"



Doutor en Periodismo, máster en Ciencias de la Información e Director do eLearn Center da Universitat Oberta de Catalunya, onde é profesor titular.

Investiga na comunicación, a persuasión, a comunicación non verbal, a ensinanza virtual... ao tempo que imparte formación a executivos, intervéñ nos medios de comunicación e publica títulos que van dende Análisis y mercados de Internet (2004) a Funiversity. Los medios cambian la universidad (2011).

Sala Obradoiro
"A fume de carozo"

Breve presentación dunha actividade concreta de cada un dos 10 centros participantes, con 12 diapositivas e 6 minutos máximo por centro.

Sala 14
Mesa experiencias:

Olga Rodríguez. "Pintamos moito". CEIP Milladoiro (Malpica)
Laura Lorenzo Diz. "Proxecto Mans de terra". CEIP Valle-Inclán (O Grove)

Sala 25

Mesa experiencias:

Beatriz Otero. "Proxecto comedor". CEIP Enrique Barreiro Piñeiro (Cambados)
Diego Abarca. "Buscando a Valle". IES Faro das Lúas (Vilanova de Arousa)




<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

SESIÓNS SIMULTÁNEAS III
Sábado, 2 13:00-14:15 h

Sala Santiago
Conferencia de MARTXEL MARISKAL:
"O alfabeto ten a palabra (Un tango no presente carnívoro)"

Mestre, sociólogo, músico, escritor, docente e mentor en Euskadi e Boston. Dinamiza talleres de pensamento crítico na UBIK (San Sebastián) e imparte conferencias como "Let's rock! Pero que escribir e como expresalo".



Sala Obradoiro
Mesa: "Educación para os medios. A radio"
Luis Pardo. Xornalista.
Javier Prado Espiñeira. CPI Mosteiro-Meis (Meis)

Sala 14

Experiencias:

M^a Xosé Dourado. "Repensando o presente". IES Luís Seoane (Pontevedra)
Beatriz González. "Voluntariado e aprender a aprender". CEIP Ramón Falcón (Castro de Rei)

Sala 25

Experiencias: Proxecto intercentros "Atrevéndonos a valorar o valioso"

Xosé Cabido Pérez. IES Fontexería (Muros)
Mauca Cortón. CEIP Felipe de Castro (Noia)
Alicia Nimo. CEIP Pepe de Xan Baña (Santa Comba)

SESIÓNS SIMULTÁNEAS IV

Sábado, 2 16:15-17:45 h



Sala Santiago
Conferencia de ANDREA VILLARRUBIA:
"Entrelibros, unha asociación para ler con outros"

Ler en voz alta é unha actividade que permite dialogar trala lectura e compartir os significados que ten un texto. Ese intercambio de sentidos, ese ler con outros, que no fondo é un intercambio de vidas, modifica a forma de ser e de entender o mundo que nos rodea. A literatura pode cambiar a vida das persoas, polo menos durante o tempo que dura a

lectura e o posterior diálogo, tamén nas bibliotecas escolares. Profesora de Lengua y Literatura española de Secundaria en Granada. Especialista en promoción da lectura, pedagogía da poesía, educación literaria e bibliotecas escolares. Membro fundador e actual vicepresidenta da asociación Entrelibros.

Sala Obradoiro
Conferencia de LUIS MIGUEL CENCERRADO:
"A colección da biblioteca escolar e as súas circunstancias"

A colección é unha peza fundamental para que a biblioteca escolar poida exercer plenamente as súas funcións. Non se trata dunha acumulación de materiais de lectura, senón da súa capacidade para proporcionar experiencias a través deles, de aí a importancia da súa selección.

Mestre e bibliotecario, Grao en Información e Documentación, Traballou como Encargado de Actividades Culturais na Biblioteca de Salamanca, docente na Diplomatura de Biblioteconomía, asesor e en materia de

bibliotecas, LIX e promoción da lectura, ademais de coordinador do Centro de Documentación e Investigación de Literatura Infantil y Juvenil da Fundación Germán Sánchez Ruijérez.



VIII XORNADAS BIBLIOTECAS ESCOLARES GALICIA DOSIER DE CONFERENCIAS E RELATORIOS

Sala 10 Experiencias: "Proxecto lector"
Aurora Ramilo. CEIP de Leirado (Salvaterra)
Sonia Iglesias. IES de Melide (Melide)

Sala 14 Experiencias: "Aumentando a realidade, diminuíndo a diferenza"
Norberto Blanco Dorrío. CEIP Manuel Sueiro (Ourense)
Carmen Suárez. IES Francisco Aguiar (Betanzos)

Sala 25 Experiencias: "Escornabots"
Flora Grande. CEIP Virxe do Carme (Sober)
Laura Gómez. CEIP Vilar de Barrio (Vilar de Barrio)

PAUSA 17:45 - 18:00h

Sábado, 2 18:00-19:15 h

Sala Santiago
Conferencia de **JUAN MATA:**
"Penso, logo leo. As bibliotecas escolares como espazos de diálogo e reflexión"



O estímulo do razoamento e o debate filosófico, forma parte das funcións das BE, acollendo libros susceptibles de ser lidos, pensados e discutidos en comunidade.. O feito de que alí haxa libros que se utilicen para deliberar colectivamente converte ás BE en espazos ideais para a conversa profunda e a reflexión ética.

Doutor de Didáctica de la Lengua y la Literatura. Profesor titular da Fac. de Ciencias de la Educación da Uni. de Granada, que investiga e escribe sobre a pedagogía da lectura e da escrita, a LIX, as BE... Membro fundador e actual presidente da asociación Entrelibros.

Sábado, 2 19:15-20 h



Sala Santiago
Actuación de **CHARO PITA:**
"Contos filosóficos"

Os contos son unha ferramenta fundamental para transmitir oralmente a cultura. Moitos dos contos tradicionais conteñen ensinanzas e axudan ao oínte a profundar en si mesmo e a reflexionar sobre o mundo que o rodea e as súas particulares circunstancias dentro del.

Escritora e narradora oral. Estudou interpretación baixo a dirección de Theodor Smeu Stermin. Licenciada en Filoloxía Hispánica, sente que naceu aos 6 anos, cando rematou de ler o seu primeiro libro.

Venres, 1 17:30-18:45 h

Sala Santiago
Conferencia de **CARMEN LOUREIRO:**
"Texto, Diálogo e Pensamento Multidimensional"

Fundamentase unha proposta pedagóxico-filosófica baseada na importancia do diálogo en todos os eidos do desenvolvemento persoal e social, en comunión cos criterios básicos da motivación. O produto final? Encheronos de enerxía, vitalidade e gusto pola palabra nas súas múltiples formas.



Mestra e Licenciada en Psicoloxía, traballa no IES da Illa de Arousa, no departamento de Lingua e Literatura castelá. Relatora en actividades de formación do profesorado, no eido da Orientación e do aprender a pensar. Participou en publicacións relacionadas coa filosofía para nenos e nenas, así como nos proxectos Noria e Miroscopio. Colaborou en obras como Medrando sans (2009) ou Otra educación es posible (2013).

PAUSA 18:45 - 19:00h

SESIÓNS SIMULTÁNEAS I

Venres, 1 19:00-20:00 h

Sala Santiago
Mesa: "Filosofía para nenas e nenos: aprender a pensar"
Javier Francisco Rouco Ferreiro. CEIP Rosalía de Castro (A Coruña)
María Nita Rivas Fernández. CEIP Amor Ruibal (Barro)
Jesús Merino Palacios. IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa)



Sala Obradoiro
Conferencia de **MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE:**
"Estratexias para que a mocidade lea libros de filosofía"

Contra o tópico de que os mozos e mozas dos institutos non len en xeral, e en particular non len libros de filosofía ou de pensamento, propóranse diversas estratexias, baseadas na experiencia propia, que teñen servido para converter a biblioteca nun espazo vivo e participativo.

Escritor e profesor de Filosofía no ensino secundario. Tamén membro de Nova Escola Galega, do consello de redacción da Revista Galega de Educación e de grupos de didáctica da Filosofía como Enxergo e Nexos.

Sala 14
Mesa experiencias: "Debates, Olimpíadas de filosofía e outras iniciativas"

Luis Aldegunde. CPI dos Dices-Rois. Club de debate.
Ofelia Lubián. IES de Mugardos. Parlamento Xove.
Alicia Eva Garea. IES de Ames. Olimpíada de Filosofía.



CAFL

centro autonómico
de formación e innovación

<http://www.edu.xunta.es/portal/cafi>